

## TR349W – PROGRAMA DE APOIO PARA A CONTRATACIÓN DE MULLERES EN OCUPACIÓNS MASCULINIZADAS E PARA A ADAPTACIÓN DE ESPAZOS NAS EMPRESAS

### OBXECTO

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto favorecer a contratación de mulleres desempregadas na empresa ordinaria en ocupacións masculinizadas, coa finalidade de contribuír a incrementar as baixas taxas de ocupación feminina nas ditas ocupacións.

### ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten mulleres por conta allea en ocupacións masculinizadas, para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos exixidos para acceder ás axudas.

As empresas que teñan cincuenta ou máis persoas traballadoras deberán cumprir a cota de reserva para persoas con discapacidade, conforme se dea ocupación, polo menos, ao 2 % de traballadores e traballadoras con discapacidade sobre o total das persoas traballadoras ou, na súa falta, as medidas de carácter excepcional establecidas no artigo 42 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, e reguladas no Real decreto 364/2005, do 8 de abril (BOE núm. 94, do 20 de abril). Para o cómputo do número de persoas traballadoras da empresa teranse en conta as regras previstas na disposición adicional primeira do devandito real decreto.

## ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables ao abeiro deste programa:

**1. As contratacións por conta allea de mulleres en ocupacións masculinizadas ou con infrarepresentación feminina na contratación**, segundo o disposto no artigo 5.3 desta orde. A dita ocupación e a súa codificación deberá constar no contrato de traballo.

1.1. Os contratos subvencionables deberán ser de duración indefinida, ben con xornada a tempo completo, ben a tempo parcial. No caso de contratacións a tempo parcial, a xornada será como mínimo do 50 %. Inclúense os contratos de traballo indefinidos para a prestación de servizos fixos discontinuos, que deberán ser a tempo completo e cunha duración mínima de 6 meses.

1.2. O período durante o que se teñen que producir os contratos para que sexan subvencionables será desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 20 de outubro de 2024 (ambos os incluídos). Para novas contratacións o período máximo para realizalas será de 20 días hábiles desde a resolución.

1.3. No caso de novas contratacións, o período máximo para realizalas rematará aos vinte días hábiles da recepción da notificación de concesión da axuda, e en todo caso o 20 de outubro de 2024.

1.4. O número máximo de contratos que se van a subvencionar por persoa ou entidade beneficiaria establécese en 7.

2. Igualmente, serán subvencionables ao abeiro deste programa **os gastos derivados de obras de adaptación dos espazos ou dos postos de traballo na empresa**, coa finalidade de eliminar barreiras ou obstáculos que impidan ou dificulten o acceso e o desempeño profesional das mulleres na empresa (aseos, vestiarios, espazos para menores, etc.).

2.1. O período durante o que se teñen que producir obras de adaptación dos espazos ou dos postos de traballo subvencionables será desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 20 de outubro de 2024.

## CONTÍA DA AXUDA

### 1. Incentivos á contratación.

Contratación inicial a tempo completo: 15.000 Euros

Contratación inicial a tempo parcial (50%) e contratacións indefinidas fixas-discontinuas (mínimo seis meses): 7.500 Euros

As contías indicadas anteriormente incrementaranse nun 15 % nos seguintes casos, que son acumulables entre si:

- Centro de traballo en concello rural (Todos os concellos excepto: Cambre, A Coruña, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros, Santiago de Compostela, Lugo, Barbadás, Ourense, Poio, Pontevedra e Vigo)

- Se a muller contratada é unha persoa con discapacidade.
- Se a muller contratada é maior de 45 anos.
- Se a muller contratada é emigrante retornada ou estranxeira.
- Se a muller contratada é persoa trans.

A contía máxima posible que se vai subvencionar por cada persoa contratada con carácter indefinido é de 26.250 €.

c) As contratacións deberán estar comunicadas a través da aplicación Contrat@ no prazo de 10 días hábiles desde o seu inicio.

1.1. A contía das axudas concedidas aboarase ás persoas empregadoras ou empresas beneficiarias logo de presentada a documentación xustificativa establecida no artigo 24 desta orde.

1.2. As subvencións previstas neste programa serán incompatibles con outras subvencións ou axudas públicas, con independencia do seu importe, para o mesmo obxecto e finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes. Non obstante, serán compatibles, se é o caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

1.3. En ningún caso o importe das subvencións concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a persoa empregadora ou empresa beneficiaria.

## **2. Gastos derivados de obras de adaptación dos espazos ou dos postos de traballo.**

2.1. O importe máximo da axuda será de 10.000 €.

(O importe mínimo das facturas será de 300 euros, sen I.V.E.)

2.2. Os gastos de obras de adaptación dos espazos ou dos postos de traballo deberán estar realizados e pagados a data 20 de outubro de 2024.

2.3. As subvencións previstas neste programa serán incompatibles con outras subvencións ou axudas públicas, con independencia do seu importe, para o mesmo obxecto e finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

2.4. En ningún caso o importe das subvencións concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a persoa empregadora ou empresa beneficiaria.

### **PRAZO DE PRESENTACIÓN**

Prazo de presentación: 19/07/2024 00:00 - 30/09/2024 23:59

O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas nesta orde comezará o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e rematará o 30 de setembro de 2024

### **PUBLICACION EN DOG**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240718/AnuncioG0767-100724-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240718/AnuncioG0767-100724-0001_gl.html)